

Pola unidade de toda a esquerda que loita para transformar a sociedade



O PP converteu estes últimos catro anos nun auténtico pesadelo para os traballadores do Estado español, a consecuencia da súa política de recortes. Pero a saña deste goberno, ademais dun enorme sufrimento, tamén provocou a entrada na escena política de millóns de persoas da clase obreira, e tamén de sectores das capas medias que están a vivir un proceso de proletarianización acelerado. Durante esta lexislatura, o proceso que se viña chocando desde as grandes mobilizacións contra o Prestige ou a guerra imperialista en Iraq deu un salto cualitativo. O sinal foi o 15-M, que abriu as portas a unha rebelión social de gran calado: as mareas verde e branca, a loita de Gamonal, diversas folgas obreiras (limpeza do lixo de Lugo, Coca-Cola, Panrico ou, este mesmo ano, a gran folga indefinida dos traballadores das subcontratas de Telefónica). Un auxe da loita de clases só comparable co proceso revolucionario dos anos trinta e a loita contra a ditadura franquista nos anos setenta.

A loita nas rúas trasládase ó terreo electoral

Foi necesario ocupar masivamente as prazas e rúas para que os alicerces do réxime nado na Transición entre nunha fonda crise. Si, como en todas as grandes transformacións sociais, o que subverteu a orde establecida foi a irrupción das masas. A dereita enfrontou unha gran contestación nas rúas, pero tamén os dirixentes socialdemócratas e as cúpulas sindicais comprometidas co pacto social foron desbordados por unhas mobilizacións masivas, radicalizadas e moi críticas cos aparellos burocráticos.

Esas mobilizacións explican os espectaculares resultados das candidaturas de unidade popular nas pasadas eleccións municipais. Do mesmo xeito que sen as 30 folgas xerais en Grecia desde o inicio da crise económica non se pode entender o ascenso de Syriza, sen esas mobilizacións tampouco se pode entender o marabilloso resultado das

mareas n'A Coruña, Compostela ou Ferrol, de Ahora Madrid, de Barcelona en Comú ou de Por Cádiz Sí Se Puede. Desaloxar ó PP de todas as institucións é unha necesidade para millóns de traballadores, necesidade que se está expresando no terreo electoral.

Pola unidade da esquerda que loita

Outra conclusión obvia das municipais é que a xente demanda a unidade da esquerda que loita contra os recortes. Nin sequera Podemos, que é o partido a través do cal se están a expresar as gañas de cambio, foi capaz por si só de ser unha alternativa real ó bipartidismo. Pero alí onde houbo unidade da esquerda que loita, o éxito foi incuestionable.

A dirección de Podemos debe ser consciente da súa responsabilidade. Guste ou non, nestes momentos Podemos é o eixo fundamental da confluencia, e as súas decisións terán gran transcendencia. Estar dispostos á unidade coas Mareas en Galiza, con ICV e EUiA en Catalunya ou con Compromís en Valencia, pero negarse testudamente a chegar a acordos con Izquierda Unida é unha incongruencia se realmente se quere derrotar á dereita e ó PSOE. A arela pola unidade popular é enorme, e ninguén debe frustrala. Por iso mesmo, tamén sería un erro que o BNG permanecese alleo a unha posible confluencia en Galiza de todas as forzas que loitan contra as políticas de austeridade.

Pero se a unidade popular é decisiva, non o é menos o programa electoral. A clave do ascenso da esquerda que loita non é o descontento da base social do PP (que canalizará Ciudadanos), senón a mobilización de millóns de traballadores que pasaban da política porque non vían nela un xeito de resolver os seus problemas cotiáns, incluídos aquelas persoas que durante moito tempo votaron ó PSOE co nariz tapado, para impedir que o PP gobernase. Por iso, para gañar, unha candidatura de unidade popular debe recoller no seu programa en primeiro lugar medidas para satisfacer as reivindicacións dos millóns de persoas que encheron as rúas contra os recortes, como un plan de choque contra o paro, un salario mínimo de 1.100 €/mes, seguro de paro indefinido, paralización de todos os procesos de desafiuzamento e plan para garantir o acceso universal á vivenda, educación e sanidade universais e gratuítas e, por suposto, a derogación inmediata das leis reaccionarias do PP (LOMCE, Lei de Seguranza Cidadá, etc.).

Leccións de Grecia: hai que romper co capitalismo

A importancia do programa non é un capricho dos marxistas. A boa vontade e o nivel de estudos non abundan. Velaí Grecia. A contundencia da burguesía europea contra Syriza e o pobo grego pon de manifesto que nos enfrontamos a un inimigo que mobilizará todos os medios ó seu alcance para derrotarnos. É unha inxenuidade pensar que avanzaremos con trucos parlamentarios, xestos ou pequenas medidas. *O poder institucional non abonda para facer un cambio social profundo.* A traición de Tsipras demostra que non se poden aplicar políticas anticapitalistas dentro do capitalismo, demostra que a única maneira de aplicar políticas en beneficio da maioría da sociedade é rompendo co sistema capitalista baseándose na organización e mobilización consciente da clase obreira.

Todo o discurso de Tsipras xirou en torno á soberanía nacional, colocada como eixo do que a esquerda reformista entende por “revolución democrática”. Esa formulación esnaquizouse estes días. Nas condicións actuais da economía mundial, ningún país pode escapar ó dominio esmagador do imperialismo monopolista. A soberanía nacional, entendida como o dereito dos pobos a decidir o seu destino con igualdade e xustiza social, é incompatible co capitalismo. Ningunha burguesía permitirá que os seus intereses sexan danados por un triunfo electoral da esquerda. Só será posible alcanzar a soberanía nacional rompendo coa ditadura do capital financeiro e tomando medidas enérxicas para poñer baixo control democrático da clase obreira a riqueza que esta crea co seu traballo, é dicir, cun programa socialista.

Nacionalizar a banca e as principais empresas baixo control dos traballadores é a única forma de poder satisfacer as necesidades sociais. Se un estado da Unión Europea abrise a senda cara ó socialismo, mobilizaría á clase obreira e a mocidade de Europa e do mundo enteiro. Para evitar derrotas, hai que aprender da experiencia, entre elas a grega. Só podemos confiar nas nosas propias forzas, só podemos confiar na clase obreira e a súa capacidade para dirixir a sociedade sen o concurso dos capitalistas. A unidade popular é necesaria, pero non é suficiente. Para lograr un cambio real debe dotarse dun programa socialista de transformación da sociedade que inclúa o dereito de autodeterminación para as nacionalidades históricas.

25-Xullo-2015

FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS

www.fundacionfedericoengels.org

Literatura marxista no 25 de Xullo

Se estás interesada/o na literatura marxista, visita ó longo da mañá a mesa que a Fundación Federico Engels instalará na Alameda compostelá. Por segundo ano consecutivo, a Fundación non estará presente no Festigal, como viña sucedendo ininterrompidamente desde a súa primeira edición, porque só participarán asociacións que divulguen material relacionado co nacionalismo galego.

A loita contra a opresión nacional é un tema clave na literatura marxista, e a Fundación Federico Engels, cuxas publicacións teñen tan boa acollida entre os militantes e simpatizantes do nacionalismo galego de esquerdas, ampliou este ano o seu catálogo cunha recompilación de oito textos de Lenin sobre a cuestión nacional, entre eles *Acerca do problema das nacionalidades, ou sobre a 'autonomización'*, no que analiza o problema nacional en Xeorxia durante a época soviética.

